

Creadores participantes en Translitera

Antón Lopo

Baixo distintos nomes e en distintos colectivos, desenvolveu unha traxectoria que abrangue a performance, o vídeo, a fotografía e, sobre todo, a escrita. É autor do poema oral *Prestidixitador* (Teatro Galán 2001), de libros de poesía como *Fálame* (2002), novelas como *Ganga* (Xerais, 2000), *Obediencia* (2010), a obra de teatro *Os homes só contan até tres* (A Factoría. Salón Teatro Compostela. 2005) ou ensaios como *A distancia do lobo* (2010).

Iván Prado

Director de Cooper@ctiva, coa que impulsou experiencias como o Festiclown, ou o Festival da Biodiversidade de Terr@ctiva, en Arzúa, Iván Prado é un activista cultural que camiña entre o pallaso, o actor e o performer. Organiza desde hai anos a Campaña de Solidariedade con Chiapas, dirixida a tender pontes coas comunidades zapatistas de base.

Manolo Martínez

Creador interdisciplinar de longa traxectoria, Manolo Martínez é ante todo deseñador gráfico, alma do taller compostelán Signum xunto a Suso Otero. Esta orientación non impediu que despregase o seu interese en ámbitos como o vídeo e a fotografía, que usou como poderosa ferramenta para describir a cidade de Compostela.

Carlos Santiago

Desenvolve a súa actividade principalmente no campo das artes escénicas, tanto no teatro como na música, en calidade de dramaturgo, guionista, intérprete, técnico, director e letrista. Colabora habitualmente en prensa e revistas culturais e ten traballado como guionista en algúns programas de radio, en cine e televisión. Membro do grupo de teatro Chévere e da Sala Nasa entre 1992 e 1997, e da Psicofónica, grupo de rock experimental e factoría de creación. O seu traballo como escritor e artista está fortemente comprometido con apostas experimentais e cunha visión satírica da realidade. O xogo entre o real e o ficticio e o seu trasfondo político e filosófico é unha das características da súa poética. Activista de Burla Negra e Arredemo.

Pepe Sendón

Amateur profesional. De Lira, pero vive tranquilo en Conxo. Metade músico, metade escritor, non renuncia a metas posteriores. Aquilo que escribe sempre acaba por ter música, así que deduce que está na música porque escribe, malia sospeitar que é á inversa. Foi da “Favorita” e da “Trilateral”, d'Os Quinindiola e de Nicho Varullo, de Chévere, da Sala Nasa e d'A Psicofónica de Conxo. Agora é de narf e d'Os Trabalinguas e anda a voltas cos debuxos animados. Logo de varios galardóns, abandonou o teatro en 8º de EXB e a poesía en 2º de BUP, aínda que logo foinos retomando esporadicamente con menos éxito. Daltónico, a súa cor favorita é o marrón verdoso. Simétrico, a súa palabra favorita é o non.

Yolanda Castaño

Nada en Santiago de Compostela (1977), é licenciada en Filoloxía Hispánica e realizou estudos audiovisuais. Ademais de poeta é conferenciante, e tamén articulista semanal en varios medios da prensa galega, dirixiu e presentou na TVE-Galicia o seu propio programa dedicado ás vangardas artísticas galegas: *Mercuria*. Foi fundadora da revista *Valdeleite* e da editorial de poesía para novos valores Letras de Cal. Activa dinamizadora cultural, ten colaborado en numerosos medios de comunicación escritos, así coma en libros colectivos, antoloxías tanto galegas como estatais, congresos e infinidade de recitais dentro e fóra de Galicia. Fortemente interesada na fusión entre a poesía e outras linguaxes creativas, ten desenvolvido moi diversas experiencias mesturándoa coa música, a plástica e o audiovisual, actividade pola que tamén foi premiada.

A súa obra individual publicada é a seguinte: *Elevar as pálpebras* (1995); *Delicia* (1998); *Vivimos no ciclo das Erofanías* (1998); *Edénica* (2000); *O libro da egoísta* (2003).

nenoesкуро

Alterónimo de Rafael Xaneiro, creador vencellado a proxectos de carácter moi diverso en ámbitos como o teatro, a música, a poesía, o audiovisual e outras formas de expresión, desenvolveu sempre unha actividade artística guiada polo enfoque experimental onde se mesturan óperas de peto (*Resaca*, 1996), visuais ao vivo (*Órbita Mutante*, 1999; *Psicópolis*, 2000), teatro experimental multidisciplinar (*Casa Tomada*, 2000), poesía en acción (*8.VI.05*, 2005; *Fonambulismo*, 2005), performance (*Corpo Ilícito*, Oaxaca 2009) recitais colectivos e individuais, etc.

Ten publicados poemas e relatos en revistas literarias (*Dorna*, *Alquimia*, *Arraianos*) e volumes colectivos (*O entrelazo das palabras*, *O trazo aberto*). Actualmente pescuda nas interaccións do son, a imaxe e a palabra a través de medios electrónicos e analóxicos; e na mediación de procesos creativos como ferramenta de desenvolvemento cognitivo consciente entre o individuo e a comunidade.

Carolina Fernández

Artista visual e escénica, coordinadora e representante da compañía Poéticas Urbanas. Licenciada en Filoloxía Francesa pola USC, iníciase de maneira intensiva en danza contemporánea no 2000 con Beatriz Fuentes e continúa a súa formación con Andrés Corchero,

Constanza Brincs e Hisako Horikawa, entre outros. Estuda tamén no Centro Nacional de Danza Contemporánea/CNDC de Angers (Francia), na escola de teatro Espazo Aberto (Santiago de Compostela) e no Laboratorio de Cine Experimental de París, becada polo Consorcio Audiovisual Galego. Entre a súa producións multidisciplinares están *Nin principes nin hostias* (2006) e *Arquitecturas Interiores* (2009). Exhibiu videocreacións no Festival de arte e reciclaxe Drap'art (Barcelona, 2008), Festival de arte urbano BOP ART (Barcelona, 2009) ou I convocatoria de vídeo-creación BODY vs CITY, (Córdoba, 2010) e gañou o premio en artes gráficas: Xoves Creadores GZCREA 2007.

Dende 2008 investiga en artes visuais e deseño para incorporalo no seu traballo artístico escénico colaborando con outros artistas galegos.

Estevo Creus

Nace en Cee (1971). Foi membro fundador do Grupo de Teatro Talía e da Editora de poesía Letras de Cal. Ostenta tamén o Cargo de "Peixe Infinito" con dereito a Bedelato na Asociación Patafísica do Atlántico (SPA). Como poeta ten publicados *Poemas da Cidade Oculta* (1996, Xerais), *Areados* (1996, Deputación de A Coruña), *Teoría do Lugar* (1999, Edicións do Castro), *Decrúa* (2003, Edicións Espiral Maior), *Facer Merzbau non ou posible?* (2007) e *O Libro dos Cans* (2000, Versión diskete de Retagarda Edicións).

David Creus

Licenciado en Belas Artes, na actualidade traballa como profesor de ensino secundario, desenvolvendo paralelamente a súa actividade artística. Logo de ser premiado co Francisco Aguiar de Betanzos, no ámbito da poesía, e cun accésit de relato no Minerva, formou parte do Batallón Literario da Costa da Morte, con quen colaborou en recitais e publicacións como *Nós*, *Mar por medio*, *Rumbo ás illas*, e *Feros Corvos*. No 2003 aparece o seu poemario, *Palabras para un parque hidráulico* e en 2007 publica conxuntamente co seu irmán Estevo o dvd-libro *Facer Merzbau non ou posible?* Como artista plástico cómpre salientar, amais de numerosas exposicións colectivas, a súa presenza na Bienal Internacional de Arte Contemporánea de Vilanova de Cerveira (2005) e na I Bienal de Arte Contemporáneo de Marbella (2005). Foille outorgado o "Premio Novos Valores" de 1998 pola Deputación de Pontevedra coa serie fotográfica Campo de auras.

María Lado

Nace en Cee no ano 1979. Estuda Filoloxía e publica os seus poemas en revistas como *Feros Corvos* ou *Dorna*, en libros colectivos (*Rumbo ás illas*, *Nós*, *Mar por medio...*), así coma na *Antoloxía de poetas da fin do século*, d'Efecto 2000. O seu primeiro poemario individual é *A primeira visión* (Letras de Cal, 1997). Posteriormente aparecen *Casatlántica*, *casa cabaret* (2001), *Berlín* (2005) e *Nove* (2008).

Nos últimos anos vén experimentando nas interseccións entre imaxe, son e palabra.

Lucía Aldao

Nada na Coruña no ano 1982, gañou o Premio Tanxedoira no 1996 e 1997, e máis adiante viuse recoñecida con dous premios Minerva, chegando a formar parte do seu xurado. Foi tamén merecedora dos premios de poesía O Facho e Francisco Fernández del Riego. É unha das voces máis prometedoras da nova poesía galega, participando en multitude de recitais poéticos por toda a nosa xeografía. Así mesmo, colabora como guionista e cos seus propios textos poéticos no espectáculo de teatro-musical *Dillei*, de Carlos Blanco, e publica en xaneiro de 2005 o libro *Unha ducia (máis un)*, xunto co arquitecto Luís Muñoz Fontenla. Poemas da súa autoría pódense consultar en volumes como *Quixen ir a Nevermore*, *O Trazo Aberto* ou *Negra Sombra*.

Manuel Cortés

Nado en 1966. Escritor, tradutor e actor. Como poeta é membro fundador do colectivo poético Ronseltz (A Coruña 1985). Autor de dous libros: *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados* (1994) e *A rutina é o deber de todas as criaturas* (1997).

Como tradutor ten traballado en varias novelas entre as que destaca *A magnitude da traxedia* de Quim Monzó .

Como actor é membro de grupo de teatro Chévere, participa en todas as súas montaxes desde 1992; ultimamente tamén pode verse na televisión.

Cristina F.

Nace na segunda metade do século XX. Ten realizado diversas sesións de iniciación á poesía visual. É autora e ilustradora de literatura infantil (*Os contos de mala malona*, *O navegante*) e tamén de literatura adulta, aínda que esta última sempre lle queda a piques de publicar (mecachis...!). É membra activa da colectiva feminista Mulheres Transgredindo, de cuxas accións podedes vos informar en galicia.indymedia.org.

Lomarti

“Como artista, gradueime en ‘cirurxía espiritual’ pola ‘universidade da vida’. Opero na civilización actual, usando o éter da miña propia alma para as transfusións que realizo a cada paciente, mentres contempla a miña obra na mesa de operacións.”

Nado en Lugo, en 1957, posúe unha longa lista de exposicións individuais e colectivas ao longo da xeografía ibérica e europea (Lugo, Coruña, Santiago, León, Salamanca, Zaragoza, Barcelona, Madrid, Londres, Bordeos, etc.); así como unha serie de obras para espazos públicos (O Barco, Lugo, Ourense, Kwangju –Corea do Sur–). Asumindo todos os sistemas representativos da plástica actual como vehículos da súa expresión, manifesta unha procura interdisciplinar a través da acción performática (*Adeus de Deus*, 1988; *Contaminación mental*, 1995; *Marcha ó desterro*, 1996; *Coroas De Mercurio*, 1998). Ten publicado o poemario *Coroas de mercurio* (1997), ademais de diversos microrrelatos a través da web.

minus bálido

Pseudónimo de Alfonso Rodríguez Rodríguez (Ourense, 1973), é deseñador gráfico de profesión, desempregado crónico, opinólogo e máis cousas no xornal libertario *Marea Negra*. Colaborador habitual en programas de radio (*Totus revolutum*, Radio Allariz), e webs (andar21.net; incomunidade.com; sapo.pt, etc.). Como poeta publicou *Subir ao faiado* (Positivas, 2004). Ten participado en exposicións individuais e colectivas diversas, e especialmente coa súa compañeira Adri. Dunha delas, a titulada *Planetarium*, xurdiu a web expoplanetarium.net, onde os artistas van deixando actualmente todo tipo de creacións: audio, gráfica, debuxos, foto, escritos poéticos, políticos, etc.

Adri

Adriana Pérez naceu en Ourense (1977), é deseñadora gráfica e ten participado en diversas exposicións de arte gráfica-fotográfica individuais e colectivas. Colaboradora da revista *Huevo*, e de webs como visual obxectual e incomunidade. Da relación artística con minus bálido xurdiu o proxecto expoplanetarium.net, no que actualmente colgan creacións de todo tipo con soporte gráfico. Ademais, a parella vén de presentar en DVD *O movemento autónomo* e *O Fogar Infantil* en Ourense nos 90.

Ana Cibeira

Traballa con textos (poemas e relatos) e imaxes (collages e proxeccións) que espalla en publicacións periódicas como *Polpa*, *Dorna*, *Andaina* e proxectos virtuais como Andar21, Espasmo, Biblioteca Virtual Galega, Incomunidade, Contos Ínfimos, exhaustfan.org e Hiperferia (N.Y.). A súa obra está recollida nos catálogos colectivos: *Xuntanza de creadores e intérpretes* (2003), *Poetas na rúa* (2004), *Fem Art 05.* (2005), *Transgeneración 1.0. Encuentro de jóvenes poetas españolas* (2007), *Letras Novas* (2008), *Marés nos pousos do café. Mostra de poetas de expresión galega en Madrid* (2010). Expuxo collages e fotomontaxes colectivamente na Ca la Dona -Certame Femart- (Barcelona, 2005), Translittera (Compostela, 2005), no Ladyfest (Madrid, 2006 e 2010), no zineRenderén #2 (2009) e en Vinalia Trippers#10, entre outras.

Recentemente ilustrou o poemario de Emma Pedreira *Xoguetes Póstumos* (2010).

Carlos Quiroga

É profesor de literaturas lusófonas na Universidade de Santiago. Para além de publicación dispersa em revistas de Brasil, Portugal, Alemanha e Espanha, editou em livro *g.o.n.g.* (1999), *Periferias* (1999), prémio Carvalho Calero de narrativa), *A Espera Crepuscular* (1ª parte da *Viagem ao Cabo Nom*, 2002), *Il Castello nello Stagno di Antela* (2004, edição em galego e italiano), *O Regresso a Arder* (2005), *Inxalá* (2006) e *venezianas* (2007). Fundou e dirigiu a *Revista Galega de Criação O Mono da Tinta*, entre outras, e é o actual director da *Agália*.

Realizou experiências no campo visual, misturando música, imagem e palavra, e é autor do corto *EU-KA-LO* (2005).

Ig

Espacio autorreplicante de creación continua creado por Nacho Muñoz no ano 2003, tras 18 anos de andadura como pianista, percusionista, produtor, improvisador e compositor. Na actualidade desenvolve tres proxectos en constante evolución: *Madame cell (ou o fraccionamiento do asombro)*, pezas compostas con “células” ou obxectos sonoros extraídos de varias gravacións de improvisacións libres ou “asombros”; *Off (ópera forte fonética)*, ópera composta a partir de varias improvisacións vocais, relacionando estas con diversos trastornos ou patoloxías da linguaxe verbal, como a disfonía, dislalia, etc.; *O humán descartado*, colección de 7 poemas escritos en papel, dixitalizados e posteriormente reconstruídos en diferentes soportes (vídeo, son, performance, etc.) segundo a ocasión.

Ig é membro da comunidade virtual www.alg-a.com e do colectivo de creación multimedia www.ludd34560.com, ademais de director da compañía de ópera A última rata.

Nela Que

Nela Quesada nace en Lugo no 79. Comeza a súa traxectoria artística fóra da Galiza profunda, seica na profundidade castelá de Soria. Logo de buscar a súa cor, atópaa na Escola de Artes e Oficios. Ten feito abundante obra landart nos campos de Castela amais de intervencións noutros contextos artísticos; dende fotografía a escultura e deseño e, sobre todo, pintura, disciplina coa cal se sinte especialmente identificada. Decide regresar á terra verde, onde remata os estudos de Belas Artes e enceta unha intensa traxectoria como performer. Membro do colectivo www.LUDD34560.com, fortemente apoiado na interactividade e, sobre todo, moi dedicada á mestura das artes co teatro. Membro da comunidade www.Alg-a.com dende o seu inicio. Membro cofundador da compañía de ópera experimental A Última Rata, coa que estrea *OFF (Ópera Forte Fonética)* na sala Nasa de compostela (2004). Perfecciona os estudos audiovisuais no colexio Saint Luckas, de Bruxelas e, actualmente, vive en Pontevedra, onde non deixa de crear e colaborar en diferentes proxectos, pero aínda buscando o Que de Nela.

Roi Fernandez

Ou Señor Pause, móvese dentro dun híbrido artístico onde teñen cabida o videoarte, a performance, o teatro híbrido, ou a instalación. Como parte e co-fundador do grupo de creación multidisciplinar LUDD www.ludd34560.com, ten realizado performances e instalacións interactivas (MARCO de Vigo, Pazo da Cultura de Pontevedra – IFI, etc). Como videocreador, expón en diversas salas e festivais (Festival de videocreación de Altea, VideA2001 de Barcelona) e crea o grupo SrPause, onde desenvolve a creación en tempo real e o video-escapismo. É parte da Comunidade de Arte dixital Galega www.alg-a.com. No 2005 estrea en Edimburgo a peza de teatro híbrido *Census. O soño do Enumerador*, con guión e idea orixinal súa (<http://census.sinsitio.org>). Tamén e membro da compañía de ópera contemporánea A Última Rata, onde ten traballado como escenógrafo para *OFF (Opera Forte Fonética)*. No 2005 comeza o seu proxecto de performances sociais e poéticas: Compañía Periférica Enérxica, dentro da cal desenvolve *Ustedes Desean* (Xornadas Alg-a05, Facultade de Belas Artes de Pontevedra) e, xunto ca artista multidisciplinar Nela Que, *Santia Fister*, crónica poética dunha aldea mergullada baixo a auga e a atemporalidade.

